

Yummy! (actividades para 1º e 2º, semana do 11 ao 15 de maio)

Esta semana seguimos coa comida. Seguimos falando do que nos gusta e do que non nos gusta, e aprendemos a dicir cal é a nosa comida favorita.

Recordade que na aplicación Navio podedes traballar este tema na unidade 4 de 1º. Aí están as cancións, videos con historias e actividades. Os que queirades que vos dé de alta na aplicación co voso correo electrónico poñédevos en contacto comigo a través do correo paqcha@cpiares.com (tamén podedes contactar comigo para calquera outra cousa, igual que a través da vosa titora)

Recordade: As actividades son orientativas e podedes repartir as tarefas, non é necesario que fagades todo. Vós e as vosas familias decidides. Se non podedes imprimir podedes facer as actividades de escribir nun folio ou nunha libreta, no que teñades. Non hai que copiar os debuxos, poñemos o número da ficha e escribimos (ou debuxamos ou o que se pida) as respostas. Non quedarán tan “escolarmente” ordenadas pero seguro que vos quedarán preciosas igualmente, sodes uns artistas.

Non esquezades que os vídeos son fundamentais para aprender a correcta pronunciación das palabras (HAI QUE VELOS VARIAS VECES NA SEMANA E REPETIR, REPETIR E REPETIR AS PALABRAS)

1. **FOOD DICTIONARY.** Esta semana imos empezar revisando o dicionario de comidas que empezamos na semana anterior. Se non empezaches podes empezar facéndoo agora. Recorda: Nunha folla ou cartolina (no que teñades a man) **debuxamos e escribimos** todas a palabras relacionadas con comida que aprendemos ata agora. Nesta semana hai que ir completando con aqueles alimentos e comidas que aprendamos novos ou que queramos anotar porque nos gustan máis. Recordade que podedes volver ver os videos da semana anterior no blog neste enlace: <https://jellywall10.blogspot.com/2020/05/food-delicious-1st-and-2-nd.html>
2. Vídeo de presentación. Para mirar e aprender algún alimento e comida máis. Pero non hai que aprendelas xusto agora, imos aprendelas durante toda a semana. <https://www.youtube.com/watch?v=jOKdWJbFQ6Y>
3. Recordamos as palabras que aprendemos na semana pasada vendo esta pequena historia con Jay, Sue e o seu pai: Hora de cear. (A historia completa podedes vela na aplicación Navio) https://youtu.be/gkol1668X_w
4. Volve ver o vídeo e presta moita atención. Rodea as comidas que utilizaron para facer a tortilla. Repasa e escribe as comidas que lle gustan e non lle gustan a Jay e Sue. (**WORKSHEET 1**, pax. 3).
5. Repasamos os números: Voltamos ver o video do outro día... <https://www.youtube.com/watch?v=Zw6Fps2O7XY>
6. Escribe agora... toca contar ovos. Repasamos e escribimos os números (ata 10 para os de 1º e todos os números para os 2º e os que se atrevan de 1º, (**WORKSHEET 2**, pax. 4)
7. E agora que xa nos vai doendo a man de tanto escribir, toca unha canción para ver, bailar e disfrutar. <https://www.youtube.com/watch?v=CCke0NvGy70>
8. Cal é a túa comida favorita? Mira este video e vaino pensando <https://www.youtube.com/watch?v=NfgBESqpljA>

9. **WORKSHEET 3**(pax 5). Agora un traballo de ler. **Primeiro** copia o vocabulario novo Despois le as frases e une cada unha coa foto. Por último usando a última frase como modelo escribimos cal é a nosa comida favorita e debuxámola(podemos usar todas as palabras que coñecemos, ou as que saen nos vídeos).
Unha aclaración: a palabra para patacas fritidas máis común en inglés británico é *chips*, en cambio en inglés americano úsase máis a forma *French fries*, como podedes ver nos vídeos)
10. Xa para finalizar unha famosa canción infantil británica. Hai que aprendela!. Hai que ter moito coidado cando cociñamos salchichas!
<https://www.youtube.com/watch?v=B3cDrIjSFA>
11. **WORKSHEET 4**. Ler e debuxar a canción.
12. **FOOD DICTIONARY**: E agora é o momento de revisar, engadir e rematar o noso diccionario de comida.

HAVE A NICE AND DELICIOUS WEEK





WORKSHEET 1.

Name:



➤ Circle the food that Jay, Sue and dad put in the omelette:





An omelette with...

cheese

milk

peas



Eggs

sausages

carrots


potatoes

mushrooms

➤ Trace and write:

I like cheese.

.....
.....



I don't like peas.


.....



WORKSHEET 2.

Name:


➤ Trace and write the numbers:



six

- one
- two
- three
- four
- five
- six
- seven
- eight
- nine
- ten

- eleven
- twelve
- thirteen
- fourteen
- fifteen
- sixteen
- seventeen
- eighteen
- nineteen
- twenty



WORKSHEET 3.

Name:

My Favourite Food



➤ Copy:



fries / chips

chicken

meat

fish

➤ Now read and match:


I like chicken and chips.

I like eggs and chips.

I like sausages and chips.

I like meat and chips.

I like fish and chips.




My favourite food is **chips!**

➤ Draw your favourite food. Write.


.....

.....



WORKSHEET 4.

Name:



Ten fat sausages
On the frying pan



Eight fat sausages
On the frying pan



Six fat sausages
On the frying pan



Four fat sausages
On the frying pan